

PERCORRIDOS POR UNHA TEORÍA DO DESEXO

alberte pagán



galiza 2015

ALBERTE PAGÁN

PERCORRIDOS
POR UNHA
TEORÍA
DO
DESEXO



Prólogo (non desexado)

I

Este prólogo non tiña que existir. É un prólogo non desexado que nace da necesidade de explicar (quizá de denunciar) as estrañas circunstancias que acompañaron esta novela durante case unha década, desde o momento en que a din por rematada até o día de hoxe en que a publico pola miña conta, fóra das miserias das empresas “culturais”, do mercado capitalista, da ditadura dos “correctores” lingüísticos e dunha concepción dos “direitos de autor” arcaica, obsoleta e por suposto enganosa, pois no sistema contractual actual tales “direitos” acaban por residir espuriamente non na autora ou no autor, senón no empresario que se agacha tras a editorial.

A novela escribeuse orixinalmente usando unha ortografía reintegracionista. Chegado un momento, aló polo ano 2005 ou 2006, decidín enviala a media ducia de editoriais para publicación, e para iso, dada a realidade política do país, traducín o texto á españolizada normativa oficial. Por que non recupero, escoito perguntar, agora que estou libre de imposicións e censuras, o orixinal reintegracionista? Porque no proceso de translación á normativa oficial o texto sufriu tantos retoques, modificacións e metamorfoses, mesmo coa inclusión dun novo capítulo polo camiño, que volvelo ao reintegracionismo orixinal implicaría reescrebelo de novo, algo que non quero facer porque non quero ter que voltar a ler unha novela que despois de tantos anos podreceume entre as maos;

porque unha nova relectura significaría unha nova redacción, pois o eu que agora escribe, aínda que cercán ao eu de hai dez anos, non é o mesmo. Ademais, xa non teño nin a paciencia nin a enerxía para facelo. Non quero tocala xa máis. Só quero sacala de enriba para que viva libre e deixe de atormentarme.

Asunto: libro Medusa
De: Ánxela Gracián
Data: Sexta feira, 28 Outubro 2011 (20:43:32 CET)

Teño que actualizar a lectura do orixinal para falarche del porque xa hai tempo que o lin. Consultei o informe que escribira e fixera unha valoración moi positiva dos contos pola súa frescura e orixinalidade. [...] Xa no seu día a valoración fora moi positiva e eu recomendei a edición.

O 30 de novembro de 2011, após un par de anos de conversas sobre o manuscrito enviado, asinei un contrato con Sotelo Blanco Edicións para a publicación desta novela “nun prazo non superior a dezaioito meses”. O contrato en si, común á maioría das editoriais deste país no que nos tocou vivir,¹ reflicte a mentalidade neoliberal (e a un tempo feudal) das industrias “culturais”: cesión “ao editor” dos “dereitos exclusivos” “para o ámbito territorial de todo o mundo” durante un período de “quince anos”, con “renovación automática por un novo período de dez anos”. Quince anos de escravitude, renovábel. E todo a cambio dun mísero 10% das vendas que, habitualmente, e falo da miña experiencia persoal, nin se chega a cobrar. Ademais, “o editor queda facultado para autorizar baixo licenza e a través da Entidade de Xestión Centro Español de Dereitos Reprográficos (CEDRO) a utilización secundaria da obra”. Venda de escravos a novos propietarios: canto vale un autor para CEDRO?, que prezo recibe Sotelo Blanco?²

O caso é que pasaron cuatro anos máis (e xa falamos dunha espera acumulada de oito anos) e Sotelo Blanco negouse definitivamente a publicar a obra. “Haxa contrato ou non, se o publico será decisión miña e de ninguén máis. Iso que quede claro”, dime Mari Carmen Romero, en representación de Sotelo Blanco, nun correo do 2 de decembro de 2014.

¹ No orixinal: “deste país ~~de merda~~ no que nos tocou vivir”. Noutros lugares (véxase por exemplo o poema “distancia crítica” de *prosopagnosia*) o autor fala dun país “miserábel, conformista e repugnante” e dun “fracaso de nación”.

² É así como a entidade privada CEDRO se empodera para, entre outras cousas, obrigar ás bibliotecas públicas a pagar un “canon” por cada libro prestado. “A cultura hai que pagala” é o seu lema. É dicir: voltemos ao medioevo, que as masas pobres fiquen ignorantes e escravas, que só as clases adifneiradas podan acceder ao coñecemento (que é poder).

Primeiro xustificaban o adiamento da publicación culpando á mal chamada “crise” (espolio, na realidade); despois, á “mudanza das circunstancias”; e finalmente invocando “o contido escatolóxico” e rompendo definitivamente o contrato. O correo (12-11-14), que non ten desperdicio, lembra censuras de séculos pasados: “O libro xa está maquetado, fáltalle a túa revisión, pero.... (e aquí entramos no tema) non podemos inserilo na colección Medusa, é máis, nin sequera nunha nova liña erótica. Teño unha valoración que afirma que o contido é escatolóxico de máis.” Pero todo isto despois de afirmar que “non nos esquecemos de ti. Sairá... iso seguro, mais non teño data concreta” (21-04-14) e mesmo de pólo “no catálogo da distribuidora como novidade para este ano” (9-01-14).

Denunciar e exixir a publicación da obra? Sería inútil. Con todo, roto o contrato, non deixei de sentirme aliviado. Despois dunha certa e satisfactoria experiencia na autoedición, vinme liberado de imposicións editoriais (desde correccións lingüísticas non consensuadas até maquetacións sobre as que a autora ou autor non exerce ningún control) e por fin libre para dispor da miña obra ao meu antollo. Mais a alegría durou pouco. Pronto me informan que, aínda que a outra parte decida non cumprir o asinado, o contrato segue vixente —é dicir, os dereitos sobre a miña propia obra non me pertencen porque seguen en maos da editorial, e seguirán así durante quince anos máis, renovábeis automaticamente “de non mediar denuncia deste acordo no decurso dos tres meses precedentes ao seu remate”—, e por tanto Sotelo Blanco pode denunciarme se decido publicar noutra editorial, ou se simplemente fago público o meu texto na Rede. Absurdo? O mundo ao revés? Coidado coas leis do mercado, mirade ben o que asinades. Ou mellor: non asinedes nada, prescindide de produtoras, editoriais e todo tipo de intermediacións (económicas e políticas), porque acabaredes vendendo a alma.

Acta de Acto de Conciliación, en Santiago de Compostela, a oito de Xullo de 2015: Ambas partes, de mutuo acordo, proceden á resolución do contrato de edición, ficando as mesmas liberadas dos compromisos asumidos no mesmo.

II

E xa que nos internamos nestas selvas, ben podemos continuar o percorrido para aclarar certos aspectos do texto.

Percorridos por unha teoría do desexo é un feixe de relatos que naceron como novela; é unha novela desglosada en capítulos independentes que se poden ler como relatos; é a historia dunha vida (dunhas vidas

que son unha) contada desde a madurez até a xuventude e a infancia. Agás, claro é, o primeiro capítulo, que serve de pórtico. É literatura global mais perfectamente localizada, na que a viaxe é un elemento constitutivo de cada capítulo (“percorridos”). É literatura que ás veces se perde por xardíns ensaísticos, nos que a realidade pode afogar a ficción (ou era ao revés?) (“teoría”). É unha novela sobre a nada, sobre a existencia, sobre o que fai que sigamos untados a este insignificante planeta, e por tanto sobre a (militancia) política (“desexo”).

A novela pódese ler seguindo a orde de capítulos proposta ou enfrentando cada capítulo como peza independente. Os números de cada capítulo reflicten outra posíbel disposición: para quen teña interese na cronoloxía dos textos, a numeración indica a orde de redacción; mais tamén inverte (ou reverte á súa orde lóxica) a evolución sentimental da personaxe, desde a infancia até a madurez.

Revisando os vellos textos orixinais recupero algunhas datas e topónimos, que poden resultar indiferentes aos narradores e personaxes (que contan coa súa propia cronoloxía e xeografía humana) pero que serven para trazar un breve mapa vital do autor, responsábel en última instancia de todo este envurullo, ao longo dos 32 anos de composición. (Cada capítulo unha instántanea dun momento político concreto; non porque o retrate, senón porque nace del. A realidade política do momento, tan intensa entanto é, esváese como fume ao cabo dunha mancha de meses. Alzheimer político. Agora, por exemplo, no verao de 2015, resúltame imposíbel escribir nada, aínda que só sexa este prólogo non desexado, sen ter presente a dolorosa doma, castración e sodomización da Grecia democrática por parte do fascista Eurogrupo. Europa mostrou o seu verdadeiro rostro: o capital por riba da xente, o beneficio privado por riba da democracia, os poderes anti-democráticos —quen son? quen son?— por riba dos referendos, os banqueiros usureiros por riba dos parlamentos. Tan triste, tan triste. Pagamos isto, mais dádesnos aquilo. Esta non é a Europa que necesitamos, esta non é a Europa que queremos, esta é a Europa que temos que derrotar. Aviso a mareantes: deixámosvos votar sempre e cando votedes por nós. Nada de gobernos de esquerda, porque vos esmagaremos e humillaremos. Aprendede a lección de Grecia.)

“Buguina rio abaixo” escribeuse a cuatro maos entre O Carballiño e Compostela nos anos 1983-1985, aínda que me resulta difícil precisalo, e foi revisado en maio de 1989. A datación de “Hai cousas” tampouco é doada, pero calculo que 1986-1987 pode aproximarse á realidade; foi revisado en maio de 1990, entre O Carballiño, Londres e Compostela. Escrebín “En certa maneira” en Noia en maio de 1996. “MAU MAU” foi

encetado en Nairobi en agosto de 1995 e rematado en Muros en decembro de 1996. Escrebín “Os últimos tempos” en Berres (Boiro) entre setembro de 1999 e novembro de 2000, e “Petróglifos” entre o 3 de xaneiro de 1999 no Grove e o 18 de decembro de 2000 en Berres. “O fin do mundo” foi redactado en Berres entre decembro de 2000 e xaneiro de 2001, e “Retrato de Elisa” entre o 25 de decembro de 2000 e o 6 de xaneiro de 2001 no mesmo lugar. “Polos Camiños de Chalatenango” rematouse o 1º de maio de 2001, e “Chama” e “Tratado de moral” en marzo de 2002, todos en Berres. Escrebín “A arte da comparación” entre Berres, abril de 2002, e Resúa (Nebra), setembro de 2003. “A outra beira” encetouse no cuarto 514 do Hotel Prince de Diu o 1 de agosto de 2003 e rematouse en Resúa o 21 de novembro de 2004. Finalmente, “D’ouroMeets Alice” foi escrito en Resúa entre xaneiro e xuño de 2005.

		9 DE JULIO Y AV. SAN MARTIN - TEL: 21110/21607 CLORINDA (FORMOSA)	
BOLETO Nº 0022-00188560			
TRANSPORTADOR LA INTERNACIONAL			
ORIGEN CLORINDA	DESTINO RESISTENCIA		
FECHA VIAJE 13/08/99	HORARIO 11:56	ASIENTO 27	
CATEGORIA COMUN		Nº BOLETO 0022-00188560	

Mariano Ramón Sánchez Martí nº 2
 San Marcos - Carta 2
 Barrio Ernesto Che Guevara
 Casa N° 38 El Barrio Usivados
 (Guerra)

158 07
 158 07
 158 07

158 07
 158 07

OR LA LIBERTAD DE LOS DIARIOS ENKARCELADOS

José ATC
 0-4322207.

TRATADO DE MORAL

Para la Escuela y para la Vida

por
JUAN A. RUANO RAMOS

Doctor en Segunda Teología y Profesor de Religión del Instituto
 Nacional de Lairs de León de Salamanca

Obra destinada a los alumnos de Bachillerato, Normal,
 Escuelas Especiales y miembros de Acción Católica



राजस्थान सरकार
 N° 169484
 क्रमांक :
 प्रवेश-पत्र
 राजकीय संग्रहालय, उदयपुर में प्रवेश
 अधिकृत है। प्रवेश शुल्क २.०० (दो रुपये)
 कर लिया है। **रुपये 3/-** लान
 राजकीय

12-08-2003 316 1

JOURNEY CUM RESERVATION T
 RESV. UPTO

थोड़ी जानकारी

वर्गनाम
 AUTHORITY CONC. आ. शु. R.FEE

20
 Rs. ONE
 Total Dur
 Telephone :
 arth-160022

और

Crimson King

La Disquería Especializada

"Una audaz selección de la mejor
 música del mundo"

102-1103. ED DEP 18:45

PRESS BOARDING STA 12-08
 TA AND 30Y

देखीये
 के आदेशानुसार
 म विकास कर)
 , देखी एवं फौरडीलर



राज्य सड़क परिवहन निगम
 प्रारक्षण पत्रक
 कमी धार्य नहीं
 धारण क्र.
 11/8/2

Capítulo XI

Tratado de moral

Chove un sol penitenciario sobre o patio apadumado, sobre os párvulos que corrícan e berran, sorrín e choran, actúan e miran, aceptan e pensan. É a hora do recreo. Entre o tumulto de uniformes ninguén presta atención ao grupo de nenos, ninguén ve a nena que os corpos dos nenos ocultan, que os insultos e as maos dos nenos obrigan a manterse a cuatro patas cos glúteos ao ar, a saia demasiado curta sobre o lombo. O público non ve o individuo. Agás: un neno mira fixamente, sen deleite, con necesidade, sen pestanexar, a boca aberta; un neno mira honestamente e ve como diferentes dedos, médica e delicadamente, afunden pequenas chinas e doas polo orificio. O único orificio, aquel que tamén el posúe, interpreta o neno, ignorante de anatomías, inconsciente dos límites do pecado. Baixo a bategada de sol, repugnante e abominábel, ninguén mira, ninguén ve, só o neno que mira e ve e sente os risos e cala e non ouve as queixas da nena submisiva, indefensa, a pel escura, o corpo suxo, os cabelos sen peitear.

Pudor. Es un arma defensiva de la castidad dada por la misma naturaleza, pero es necesario educar el pudor, acostumbrando a las niñas y jóvenes, de un modo especial, a la decencia y al recato que están reñidos con el desnudismo y vestidos demasiado cortos. Si se pierde el pudor se hunde la moralidad individual y pública. El pudor señala los límites del pecado; el

corrompido está muerto al pudor y al recato. La falta de pudor es repugnante y abominable. [...] Siempre es más apreciada la joven pudorosa que tiene un especial sentimiento de delicadeza femenina para el decoro y la moralidad.

Entre los pecados de obra se encuentran también el *besar* y *tocar*, sobre todo, en el rostro o partes menos honestas aun de su propio cuerpo, y las miradas deshonestas.

Es pecado detener la vista sin necesidad y con deleite en personas, grabados u objetos indecentes.

A mesma natureza, o mesmo sol xusticeiro desce vertical á hora da sesta noutro lugar e outro tempo, tempo despois, anos despois. O mesmo neno xoga no portal da casa, diante da estreita e furada estrada nacional de asfalto quente e pegañento e espazado e lento tráfico que atravesa as brañas das aforas da vila. O neno non está só: acompañao o camarada de xogos e clases, o viciño de embaixo, cuxo piso visita todos os sábados para ver a tele que seus pais non teñen. Pero non agora, cando as dúas familias escapan da calor na escuridade dos dormitorios. Os nenos falan dos sentidos, A que non sabes onde está o sentido do equilibrio, pregunta un, No pito? aventura o outro despois dunha pequena dúbida, pensando nesa sensación aí sentida cando os cambios de rasante, Non, no ouvido, sentencia o outro, sabino. Os nenos falan dos sentidos e das papilas gustativas que aprenderon na escola e deciden probar o sabor da lingua, a parte máis honesta do corpo, a sede do discurso. A que sabe o sentido do sabor. Os dous nenos, sentados nun chanzo á vista dos paseantes, pónense cara a cara, botan as linguas para fóra e xúntanas nun contacto esquivo e húmido, probando, saboreando, chupando, dispostos a se dominaren a si mesmos e as súas facultades, a se coñeceren, a domesticaren a realidade. A mai do viciño de abaixo, repentinamente presente, presa dun especial sentimento de delicadeza feminina, emite uns berros de decoro e moralidade pública e descarga violentamente a mao aberta sobre a fazula dun e a fazula do outro. Os nenos non entenden. Os nenos botan a chorar.

Entre los medios naturales para guardar la castidad, se encuentra el temor a una enfermedad contagiosa y, sobre todo, el *dominio de sí mismo*, el dominio de todas sus facultades exteriores e interiores.

Este dominio de sí mismo abarca la vigilancia de los sentidos, en especial, de la vista y del oído, la vigilancia sobre la fantasía, sensaciones y apetitos, evitando lo que excita esas facultades, procurando el endurecimiento corporal y espiritual mediante el trabajo asiduo y los ejercicios físicos, evitando todo afeminamiento, el goce excesivo del paladar en la comida y bebida.

Chove inmisericordemente neste inverno desapiadado. O neno xa é todo un homiño, mais aínda non o sabe. O único que sabe é que non sabe que facer con ese endurecemento corporal que nin sequera sabe se lle produce pracer ou dor e que o leva acompañando unha tempada. No descanso nocturno o noso homiño baixa o pixama e encaixa a almofada entre as coxas e a aperta con forza contra a pelve até que logra adurmiñarse. Ás veces. Outras, aproveitando as altas horas, sai espido da cama, do piso, e pasea polas escaleiras do edificio e o ar xelado é excitante e as baldosas xélicas son excitantes e o perigo e a posibilidade de ser visto e castigado é excitante. Pero o rapaz non sabe que facer con tanta excitación. Na vixilia aproveita as horas de soidade e os currunchos escuros do pequeno fogar para baixar a cremalleira e libertar ese apéndice doloroso. Hoxe está aí, sentado no sofá da sala, o sexo ao ar, entanto súa mai topeña escoitando a radionovela na cocíña contigua. O rapaz non fai nada, non sabe facer nada: entre asombrado e asustado espera que diminúa a sensación, a dor, o pracer insublimábel. O rapaz ergue a vista e ve a cabeza da mai na porta. A mai mira. O fillo, instintivamente, colle un coxín e o pousa sobre o colo. A mai desaparece. Ninguén di nada. Todo é breve e rápido. Como se nunca tivese pasado.

Pasan os días e as chuvas. O rapaz comeza a facerse tantas preguntas, non saber a quen perguntar, non saber se se pode perguntar, ante a frecuencia do que aínda non ten nome, de sensacións e apetites e fantasías novidosas e abafadoras. Esta noite o rapaz aperta con forza a almofada e frega o endurecemento corporal contra ela, imitando coitos cuxo mecanismo ignora. O mozo roza e soba até que lle entran unhas peculiares ganas de ouriñar que non pode dominar e que o fan interromper a actividade para entrar correndo no retrete. Ante a cunca aberta o mozo contempla esa substancia pálida que lle humidifica a punta do pene e sente a necesidade de descargala toda e agora si sabe cal é o obxectivo e agora si aprende cal é o método e sente a calor da mao na dureza e acaricia e freta e aperta e move e frega aceleradamente até que se lle cansa o brazo.

La castidad es la virtud que inclina a abstenerse de los placeres ilícitos de la carne o a guardar el orden dispuesto por Dios en el instinto sexual.

Todo hombre está obligado a guardar la castidad correspondiente a su estado. Esta obligación nace de la sumisión que debe haber de lo corporal a lo espiritual, de la carne a la razón.

Es posible guardar la castidad porque Dios no manda cosas imposibles. A veces será difícil, debido a la inclinación al mal, fruto del pecado original; en algunos debido a los malos ejemplos, a las ocasiones, a la herencia y al vicio que arrastra al pecado, pero todo joven ha de convencerse de que lo que

hacen tantos que viven castamente también puede hacerlo él.

Todos los *medios sobrenaturales* contribuyen a conservar esta virtud, porque elevan el espíritu y apagan la sensualidad.

¡Qué fácil es permanecer casto!

Pasa a primavera e pasan as primaveras e pasan os cursos e pasan os ríos e o rapaz permanece mantendo o segredo, educando o pudor. Algo lle di que desas cousas non se pode falar, que esas cousas non se deben facer. Pero a insatisfacción da simple manipulación exige a elaboración de novas sofistificacións. Sopran cálidas brisas na vila, na casa, nos poucos lameiros que fican sen edificar, no monte de enfrente no que apenas sobreviven cuatro piñeiros escuálidos. É aquí onde topamos o mozo a xogar co irmao pequeno do viciño de embaixo. O xogo consiste en agarrarse e intentar tombar o contrincante. O mozo gaña cando non se deixa gañar. O mozo mantén a aperta máis tempo do regulamentar para a súa forza. Ao mozo gusta do contacto dos corpos, da excitación do contacto. Cando cai enriba do neno, cando deixa caer o neno enriba del, mantén a aperta, as caras xuntas, a boca sobre o pescozo, a mao na caluga, o brazo entre as coxas. O neno non entende moi ben o xogo. “Probaches algunha vez a que saben as linguas”, propón o mozo. O neno ri.

La castidad matrimonial santifica la vida familiar y da lugar a la práctica de muchas virtudes cristianas y en muchas personas es el medio para conseguir el cielo.

Sin embargo tiene más mérito la *virginidad* practicada por amor a Dios y que hace a los hombres semejantes a los ángeles.

Aun en este mundo el casto que guarda esta virtud conserva en su *entendimiento* la facultad de discurrir más clara y perfecta, su *voluntad* más firme y vigorosa. Conserva la *confianza en sí mismo*, su fuerza y su vigor, mientras que la transigencia con el vicio debilita la razón y engendra la indiferencia hacia todas las causas nobles y elevadas.

Muchas veces comienza el pecado por un mal amigo que con su ejemplo, con sus conversaciones, enseñó a pecar e hizo el oficio de Satanás para hacer perder la inocencia del alma.

No interior do edificio castigado pola chuva corrompida, como toda a vila, como todo o país, o mozo, espido na independencia do retrete, remexe entre a roupa suxa en busca das prendas íntimas das tantas mulleres da casa. Viste unha delas, ben apertada entre as nádegas, entanto ergue outra á cara, ao olfacto. Pasa a lingua por esa carpola amarelenta cuxo sabor e arrecendo o transporta. O mozo comeza a diferenzar olores, texturas: hainos virxes e hainos non, hainos impúberes e

non, hainos castos e non os hai. Cando a vista localiza algún pequeno pelo enredado no tecido a mao gárdao con delicadeza nunha caixa de mistos que guarda no peto do pantalón pendurado da porta: alí aboia entre outros pelos, negros e castaños, claros e escuros, longos e curtos, lisos e crechos. O mozo lembra os anos de infante cando, por pura economía familiar, vestía as bragas das irmás igual que vestía os pantalóns dos viciños, os xerseis dos irmaos. O goce excesivo do padal, unha vez climatizada a excitación, convértese en noxo: o mozo pergúntase como o pracer de hai un segundo se pudo ter convertido nesta sensación desagradábel. Por limpeza, por necesidade, o mozo enxagua a boca antes de saír.

Se puede cometer este pecado consigo mismo o con otra persona. El deleite carnal procurado, o admitido voluntariamente, es pecado grave. Por eso es ilícito, abominable y de funestos efectos para el cuerpo y para el alma, todo *tocamiento deshonesto* en su propio cuerpo con el fin de tener deleite carnal y es lo que llama *polución*.

La unión deshonesta fuera del matrimonio se llama *fornicación*. Si alguno de los dos es casado, *adulterio*; si es persona consagrada a Dios, *sacrilegio*; si pariente dentro de los grados en que se prohíbe el matrimonio, *incesto*; si se comete el pecado por la fuerza, a pesar de la resistencia de uno, *estupro*. Circunstancias todas que mudan la especie añadiendo una nueva malicia y, por tanto, un nuevo pecado mortal.

Non sabe como, o mozo, ao que comeza a nacer unha peluxiña sobre o labio superior e uns sons estraños no discurso, tópase un día camiñando polas rúas da vila, inzadas de armas defensivas contra a chuva que chocan unha con outra, que se enredan e atacan, que ofenden, humillan e se humillan, cun amigo, asombrados e contentes e atropelándose no relato de tanto que queren contar, de tanto que queren saber: falan do que xa comeza a ter nome, do que xa comeza a socializarse, normalizarse, vulgarizarse. Do que xa deixa de ser pecado: o normal non pode ser pecado, o que fan tantos non ten por que serlles ilícito. Descubren o pracer da narración, do segredo desvelado. Reviven o pracer, os praceres, por medio do relato. Xa son algo máis homes. Os dous mozos pasean gabachos polas rúas soleadas e desertas planeando a súa entrada no mundo adulto do único xeito que ven posíbel: por medio da violencia. Espían os percorridos nocturnos de certas coñecidas, argumentan riscos e lugares. Nunca chegan a fixar data e hora. Con dignidade e naturalidade os dous amigos reclúense con algunha revista obscena e inescrupulosamente comparan ereccións.

Si el fin es malo, siempre es pecado mortal; si es solo sensual, es pecado venial y con facilidad mortal si hay peligro de deleite, lo cual ocurre con facilidad. Si es por ligereza o juego es pecado venial, a no intervenir un fin malo. Si se hace con justa causa, por limpieza, por necesidad, urbanidad u honesta benevolencia, no hay pecado. La limpieza del propio cuerpo ha de hacerse con dignidad y naturalidad, evitando los escrúpulos y defendiéndose mediante el recuerdo de la presencia de Dios contra la tentación que pueda nacer.

O xoven home regresa dunha viaxe longamente soñada ao Magreb. O seu inminente matrimonio, ao que se deixa levar sen excesiva convicción, pronto coutará toda posibilidade de escape. Poucos quilómetros o separan do reencontro. Ao pé da estrada, estira o polegar aos coches que pasan. Apenas comeu na longa xornada. Un vehículo resgátao do vento infernal que varre as rúas, que baleira as cunetas. O xoven home conta entusiasmado as súas aventuras marroquinas. O condutor, vello, feo e suxo, desdentado e repugnante, é un home de mundo. Narra os seus anos de emigrante na Bélxica, as mulleres, o sexo tan doado. Non como aquí, di. A narración excítalo e, sen explicacións, movido por pensamentos que agradan o corpo, inténase nunha pista que os deixa na soidade do monte. O xoven home argumenta que se vai facer de noite, que lle gustaría chegar hoxe a casa. O condutor pousa a mao sobre a coxa do home, sobre a petrina, nota a dureza, extráeaa. O xoven home quer impedirlo mais non pode. O xoven home, incitado pola curiosidade, axúdao a baixarse os pantalóns. O condutor fala dun amigo seu co que normalmente se masturba. Non é que sexamos maricóns, afirma sen rubor nin vergoña. O condutor baixa a cabeza, rodea o glande coa papadela, enzóufao de saliva, lambe, come. O xoven home pousa a mao, move a mao sobre os cabelos graxentos e sen peitear que soben e baixan. O xoven home quer expresar, con esa caricia, un sentimento, unha sensación que non se diferenza tanto do amor.

La impureza nace unas veces por buscar lo que agrada al cuerpo, en la comida, vestido, etc.; otras por no guardar el recato y modestia en la vista y demás sentidos. Muchas veces las *causas exteriores*, llamadas ocasiones de pecado, excitan las facultades interiores y despiertan malos pensamientos y movimientos de impureza.

El que voluntariamente se pone en ocasión de pecar peca más o menos gravemente, según lo que influya la ocasión en el pecado.

Tales ocasiones pueden ser las malas compañías, libros obscenos, el teatro, el cine, el baile, las modas, etc.

Os dous matrimonios cean xuntos con regularidade. Todo se fai con

regularidade: o traballo, a diversión, os encontros, o sexo. O noso home posúe unha fermosa muller e unha filla á que lle gusta bañar e secar e vestir e apertar e encher de beixos. O noso home, persoa pública, ten que guardar a orde disposta por deus no instinto sexual. Por iso os encontros coa amiga con quen comparte mesa, coa muller do amigo, lévanse coa maior discreción. Os dous matrimonios rematan de cear e déixanse levar pola tertulia da sobremesa, polas copas. Falan: Ser normal debería ser pecado. Normalidade, conformismo, apatía, abulia, inconsciencia e demais pecados de omisión: a materia da complicidade. Falan: Os ismos sérvennos para loitar contra a uniformidade. Si, pero correndo o risco de exixir uniformidade de portas para dentro. Falan: As teorías nunca poden representar unha realidade tan complexa, tan diversa. É o amigo quen fala. A afirmación feminista, Todo home é un violador potencial, é un despropósito. É o amigo quen fala, son as amigas as que confirman. É o home o que argumenta: Quizá non vaian tan descamiñadas. O home séntese cómodo no papel de antagonista. O home cita a Duras: Todos os homes se converten, ao espertar, en asasinados de mulleres aínda que só sexa durante uns segundos. O home conta unha conversa co seu pai, exemplar marido ao que non se lle coñece ningún vicio, suscitada pola noticia dun violador absoluto por a vítima non ter guardado o recato e a modestia debidos. O fillo di que non entende o fenómeno da violación: incapaz de levar a cabo o acto se non comproba interese e participación na parella. O pai, ante a sorpresa do fillo (é a primeira vez que falan de tales temas), di que ao contrario, que a resistencia da muller provoca maior excitación e desexo. O fillo cala. O fillo pensa na nai. E retrocedendo no tempo o home conta o proxecto de violación que el e mais un amigo enxeñaran ávidos de iniciarse no mundo adulto cando non eran máis que adolescentes lampos, proxecto que consistía en agocharse nalgunha ruela escura á espera do regreso tardío dalgunha desprevida rapariga e que se non se levou a cabo foi unicamente por falta de ocasión e, quizá, por certa falta de valor, que non por ética, a conciencia non nace da natureza senón do costume. Isto argumenta o home na mesa na que cean, na que toman o café a parella de matrimonios. A súa muller, xoven pudorosa, mírao con estrañeza: non reconece a falta de valores. O amigo e a amiga, a muller do amigo, míranos con estrañeza, como se non o coñecesen, como se descubrisen un estraño, un estranxeiro, tras da fachada pública do irreprochábel señor concelleiro, do marido, do pai, do amigo, do amante.

Se entiende por libros obscenos, todas as publicacións, periódicos, revistas ilustradas, libros, folletos, etc., que sean escandalosos en materia de pureza.

Estos son tanto más funestos cuanto que pervierten sin el rubor, ni la vergüenza que puede tener el que escandaliza de palabra. Los libros obscenos no se pueden guardar, ni prestar, ni vender, ni leer, sino que deben destruirse, a poder ser por el fuego, para que no corrompan a nadie. El joven comienza a leer tales obras con disgusto, con vergüenza; las quiere dejar, pero no puede, porque la curiosidad malsana le incita a continuar.¹



¹ *Tratado de moral, para la escuela y para la vida*, Dr. Juan A. Ruano Ramos, Salamanca, 1951, décima edición, 20 pesetas.

21256079



21256079

Las ampliaciones de las obras en el centro de esquí afecta las tierras de los

al cerro Chapelo en p...
ta por...
las ob...
quí, li...
de sus...
Rep...
munic...
huine...
entred...
nador...
te encu...
fue en...
es parte...
Tra...
la me...
Casa...
puche...
sus tie...
los pa...
includ...
los acc...



27 ส.ค. 2547

Admission Fee
Historical Monument and I
Conservancy
วัดมหาธาตุ
WAT MAHATHAT
The Fine Arts Department
Serial no. 30593
Ticket no. 49



SIRIRAM 991
3
24684116

Macondo LIBRERIA

33195
CALEBUS
\$ 1. =

40 Bait
VUE \$20
78353

- M - Mzungu
- A - Aende
- U - Ulaya
- M - Muafika
- A - Apate
- U - Uhuon

"Para ser consumido en el A.A.E. de Tierra Del Fuego"

C.U.I.T. 33-50060998-9

B 9540827

BERNARDO O'HIGGINS
ASOCIACION GUBERNA METROPOLITANA DE TRANSPORTE DE PASAJEROS



B 9540827



01086981



2 VINA DEL MAR

INSPECTOR M

01086981

H 63-7977

Dionghua

Made in Savannakhet
Lao P.D.R.



La alegría de encontrar amigos
H 63-7977

Precio: 25.000 UGX

ສະລິດທີ່ ສະຫວັນນະເຂດ
ສ.ປ.ປ. ລາວ



JOY BH
JOY BH
JOY BH
JOY BH
JOY BH

120000
120000
120000
120000
120000

Passenger ALFAN
Kitten Funka
Oferta de 2 bebidas, Claret
Precio: 25.000 UGX

DouroMeets Alice

Torre al Sur
HOS...
DE AL...
GOB. P... (9410)
E-MAIL...
TELEF...
IVA RE...

COCHI 48
10065
T305

IGUAZU CATARATAS
PRESTAMOS EN EFECTIVO a sola firma

ບານຸທານ



20

HAKNUH MAN

ASOCIACION DE BUSES RURALES "DE BIO BIO"
No 036072
HORA

FECHA

TARIFA \$500

INSPECTOR

SR.:
IVA: EXENTO NO RESPON...
CANTIDAD 1 CAMA x 3 NOCHES

ASOCIACION DE BUSES RURALES "DE BIO BIO"
PASAJERO No 036072

DESDE:

HASTA:

SALIDA	ASIENTO	TARIFA
FECHA	\$500	

VALIDO PARA EL DIA Y HORA SEÑALADO EXEJA Y CONSERVE SU BOLETO

FLIGHT NO.
123
BKK
1285

Capítulo XIV

D'ouroMeets Alice

Si pero por que sorrís? Por que sorrío? Por que sorrí mentres conduce pola ponte chamada internacional sobre un Miño que nunca foi fronteira? O condutor, no seu vello opel que non debería conducir nun país estranxeiro entanto non regule na documentación o cambio de letra realizado na placa, cruza a ponte cara ao sur e sorrí, apenas, sen ensinar dentaduras amarelas, porque lembra unha viaxe pasada en dirección contraria, tantos anos atrás, na compañía de Alicia, o condutor sorrí porque, de existir aínda alfándega, a policía non tería visto máis que o condutor, non tería visto, non podería ter visto realmente a acompañante porque esta se encontraba traballando a entreperna do condutor, que xemía, ría, sorría, por diferentes motivos aos de agora, o condutor sorrí porque foi aquí, xusto na raia, sobre o forte e escuro fluír do río, no medio da ponte, onde exaculou abundantemente na cálida boca de Alicia sen deixar de acelerar, onde Alicia sugaba e engolía e lambía gulosamente sen permitir que ningunha pinga morna untase os pantalóns do condutor, inmaculadamente. O condutor segue a sorrir porque os goces pasados provocan ereccións presentes.

Si pero por que conduces, por que conduzo, por que conduce cara ao sur? Todo comezou no ano 2547 en Aranya Prathet, non, en Poipet, realmente, ao outro lado da fronteira, na sala de espera para o minibús que

o levaría, que os levaría, a Siem Reap, na pequena tenda, realmente, na que o condutor, daquela pasaxeiro, intentaba escoller entre os tabacos ofrecidos, que se Ara, que se Angkor, que se Hanuman (Haknuh Man na realidade), que se Marlboro, que se Alain Delon. O condutor, realmente o viaxeiro, sentíase paralizado ante tal exuberancia de nomes e deseños. Unha pequena muller morena, de pelo curto e ollos sorridentes, saía estival cortada á altura dos xeonllos e actitude adolescente, realmente unha pasaxeira que se erguera canda el para adquirir algún chocolate ou galleta e perguntar ao tendeiro sobre as posibilidades reais de trocar diñeiro, testemuña da indecisión, intentou axudalo: “Sempre podes mercar un de cada.” O condutor, daquela o viaxeiro, respondeu cun sorriso e, após escoitar a pregunta, nunca dirixida a el, da viaxeira acompañouna, tras o tendeiro, a un local, a dúas portas de distancia, que cumpría a función de caixa de cambios. O viaxeiro, a viaxeira, o seu acompañante, outros viaxeiros e viaxeiras, compartiron a longa viaxe até Siem Reap, aonde chegaron cansas e cansos e de noite, que aproveitaron para presentacións e delacións de orixes e na que o viaxeiro descubriu con pracer que a viaxeira, aínda que emigrada temporalmente a Krung Thep, procedía de, moraba habitualmente en, Aveiro, tan perto, tan lonxe, ela e mais o seu acompañante, realmente seu irmao, descubriu con pracer. Chámase Alicia? Non. Chámase Alice? Non. O seu nome é Inês, o do seu acompañante, realmente irmao, Álex.

Si pero por que conduces, por que conduzo, por que conduce cara ao sur? O viaxeiro, agora condutor, compartiu co Álex e a Inês unha semana de estada en Siem Reap, realmente nos templos e nas xunglas e nos ríos de Angkor, bañándose en Kbal Spean, perdéndose no Bayon, sentando a falar co coidador de Angkor Thom, admirando os relevos de Banteay Srei, compartindo tantos paseos en bici pero tamén tantas ceas no psar chaa e cervexas no Laundry Bar (lonxe da ocupación barang do Angkor What?, pero como evitar seren eles mesmos ocupantes) e tantas charlas na terraza da casa de hóspedes na que paraban, á noiteña, escoitando o abouxadador ruído das rás touro despois da chuva ou as altas e distintas locucións dos agachadizos tokeis. Entre o viaxeiro e a viaxeira, realmente residente en Pràthêth Thai, aínda que pouco lle quedaba para o regreso, realmente temporal, á súa terra natal, tan lonxe, tan perto, produciuse unha afinidade que ía alén da simple cortesía ou cordialidade de dúas persoas que se caen simpáticas ou descubren un milleiro de afeccións comúns, a palabra afinidade fica escasa, porque o que se produciu entre os dous, entre a unha e mais o outro, era un benestar non forzado, natural, como de toda a vida, como se o viaxeiro, agora o condutor que viaxa cara ao sur, fose un irmao máis da viaxeira, realmente a residente,

a coñecese desde antes dos seus tempos, en vidas anteriores, como se tivesen a certeza de que estaban destinados a se reencontraren en vidas futuras. Era amor? Non. Houbo amor, é dicir sexo? Non. Desexaban amor, sexo? Non. Bastaba a mutua compañía, o mero estar presentes, algunha ollada, estoutra conversa. Mais si houbo amor, e desexo, a noite, a madrugada da despedida, porque o Álex e a Inês regresaban a Krung Thep e pouco despois a Aveiro, e o condutor, realmente o viaxeiro, continuaba o seu percorrido polo Tonlep Sap embaixo, realmente remontando o río nesa estación das chuvas na que o Mekong devolve as augas prestadas ao lago invertendo o curso do afluente,¹ deixando atrás, o viaxeiro, as compañías barang para internarse no país e nas súas xentes, pero o viaxeiro, sen sabelo, sen querelo, pensaba na pequena Inês, na súa saia adolescente, no seu sorriso, na súa ollada e na súa voz, pasaban os días e o viaxeiro, o presente condutor que cruza a ponte internacional por onde xa non hai, nunca houbo, fronteira, non podía deixar de pensar nas súas pernas mouras, no seu andar estupendo, nos seus breves e amábeis seos, e unha semana despois non conseguía apartar do pensamento a sexualidade de Inês, convertida en desexo do viaxeiro, desexándoa alí, en Skuon, naquel momento, aquela tarde soleada, no mesmo lugar, o mercado, o posto ao ar libre, para compartir a degustación de tarántulas fritidas e falar ou cruzar olladas e coa súa presenza espantar o desexo, o terríbel desexo que nos corroe por irrealizábel, porque só podemos desexar o que non temos, porque unha vez que o temos o desexo desaparece e aparece o desexo doutra cousa, doutra persoa, doutro amor, que nunca chegamos a conseguir para que a chama do desexo siga acesa, e o desexo corróenos e apodrecemos nunha arela eterna e insaciábel que nos mantén vivos, que nos fai avanzar, como a utopía.

Por que falo, falas, fala da utopía? O viaxeiro, o actual condutor, lembra a estancia en Chiang Mai coa súa amiga Nok (Chinnaraj Butseepoom, coa transcripción alternativa Chinarach Butsripum, coa transcripción alternativa Chinnarat Butsipum, realmente thai lao, é dicir, de Isan, é dicir, khon isan, realmente de Khorat, pero non sería en Khorat onde se reencontraría con ela, senón en Ubon Ratchathani, realmente en Warin Chamrap, ao outro lado do Mun) e as conversas políticas e sociais, sendo ela membro activo da Asemblea dos Pobres, sendo el dirixente sindical agrario, encetadas na barra da Brasserie, na beira do Ping, baixo a virtuosa guitarra de Tuk, a súa amiga Nok que era realmente amiga de Tuk e de toda a banda e coa que iniciou unha

¹ Por moito que Duras, falando precisamente do Tonlé-Sap, escriba que “a agua vai cara ao mar sempre e en todas partes”.

relación sentimental, realmente sexual, adobiada con conversas sociais e políticas e antiimperialistas que permitiron a mención de Galeano que Nok descoñecía, descoñecemento que motivou que o condutor, realmente o viaxeiro, se fixese levar a unha librería, ao día seguinte, realmente pola tarde, na que perguntar por posíbeis traducións de Galeano ao thai.

Si pero por que falo, falas, fala de utopía? Porque ante a inexistencia de traducións ao thai da obra de Galeano o viaxeiro relatou á súa amiga, na beira do Ping, a breve fábula que o escritor uruguaio recollera sobre o termo, realmente o concepto.

Desexaba, desexabas a Nok? Non, porque xa a tiña, porque a coñeceu téndoa, porque a súa presenza materializárase antes de poder existir o seu desexo, porque o sexo (realmente masoquista, por parte de Nok, o viaxeiro un tanto avergoñado das equimoses dos brazos que ela exhibía ao sol do día seguinte, orgullosa delas, realmente das mordedelas que as causaran, realmente dos orgasmos que permitiran) estaba aí, sen pedilo, repentino, baixo as conversas e a guitarra de Tuk, intenso e desconcertante. Por que desconcertante? Se ben a dor, realmente breves doses de dor, formara sempre parte do seu repertorio sexual nunca o viaxeiro, agora o amante, se topara con peticións tan explícitas e directas que, realmente, tanto facían gozar ao executor como á dedicataria, de non ser pola visión, ao despertaren, dos brazos ennegrecidos da muller, mórdeme, dixera ela, e el amordicaba, mórdeme máis, mórdeme máis forte, dicía, pero ao día seguinte o viaxeiro, realmente o amante, intentaba excitala con técnicas alternativas, realmente que non deixasen marcas desconcertantes, e ela retorcíase de dor e pracer cando el deitaba sobre os seus peitos a cera líquida da candeia que os aloumiñaba e retorcíase de pracer e dor cando el lle tiraba do pelo con toda a forza, erguéndolle a cabeza e volteándoa para poder deitar un regueiro de saliva sobre os seus labios e pódose agora por debaixo para pedirlle que lle devolva a saliva lambida, que lle morda o beizo, que lle aperte coa mao os testículos até facerlle dano.²

² Un ano despois, regresando de Savannakhet, o viaxeiro reencontrouse con Nok en Warin Chamrap, realmente en Ubon Ratchathani aonde regresaron a pasar o día e realmente a noite. A pausada e continua inxesta de alcol, realmente o reencontro despois de tan longa ausencia, suscitou unha intensa sensibilidade erótica, realmente unha promesa sexual constantemente adiada, que as conversas alimentaban. O que comezara como un xogo verbal materializábase en acordo tácito, pouco a pouco, ao longo da longa noite, até que de madrugada, sen ánimos para regresaren á súa residencia, á de Nok, en Warin Chamrap, realmente incapaces de seguiren a postergar tanto desexo acumulado, decidiron coller un cuarto no Hotel Ratchathani, Thanon Kheuan Thani 297, por 330 baht, onde materializaron o prometido, onde realmente Nok levou ao viaxeiro ao cuarto de baño e alí, sentado el no

Si pero por que conduzo, por quen conduces, para que conduce cara ao sur, sorrindo ao cruzar a fronteira? Non por Nok, non por Alicia. Por Inês, que mora en Aveiro. Por Inês. Por si mesmo. Para matar o desexo que comezara a súa andaina coas primeiras cartas (realmente electrónicas) que Inês e o viaxeiro, realmente o condutor, levaban cuatro meses intercambiando. Realmente as derradeiras. O condutor, realmente o viaxeiro, recibira a primeira carta de Inês en Narathiwat, aínda que realmente levaba varios días esperando resposta na caixa de correo. O viaxeiro, o aspirante a amante, viña de pasear pola desembocadura do Bang Nara, de perderse por entre palafitas e coloridos ko-le e secadeiros de peixes e luras e de darse un baño salgado en Hat Narathat, o viaxeiro, realmente o paseante, regresaba de apreciar os poucos e vellos edificios de madeira da rúa Phupha Phakdi cando se encontrou coa primeira carta de Inês, tanta alegría, tanta satisfacción, tanto desexo nacendo de cuatro liñas.

Cal era o contido desa primeira carta, que tal impresión lle causou ao viaxeiro? Realmente nada digno de mención: que voltei fisicamente a casa mas a minha alma aínda anda à deriva, que se me das a tua morada para enviar-te o libro do Al Berto do que te falei, que por que lugares do mundo andas. Para o viaxeiro, enchido de desexo pola distancia, pola ausencia e polo tempo transcorrido desde os felices días de Siem Reap, un desexo descoñecido, realmente non recoñecido, até ese momento, latente, incubándose no seu pensamento, transparente e inocuo até ese momento, topou unha billa de saída na solicitude do enderezo, porque iso significaba que as promesas de reencontro non eran ocas, cantas veces un promete escribir, telefonar, enviar enderezos, cantos centos de posibles contactos frustrados, nesa mesma viaxe, boas compañías do momento que un sabe que non volverá buscar, que un non será buscado, e aí estaba esa petición de Inês, Inêzinha, esa porta aberta, realmente unha pequena billa pola que se atropelaba o desexo tan crecido de repente, tan desbordante, e tan estreito o cano que desexo tal se lle subía á cabeza, aparvándoo. E o viaxeiro, agora o escritor, respondeu.

retrete, sentada ela sobre el, cara a cara, deitou Nok o cálido líquido da súa vexiga sobre o sexo e as pernas e a excitada pel del. Xa no leito continuaron a se amaren e, realmente inesperadamente para el, non sabemos se tamén para ela, nun momento no que o home, realmente o amante, se encontraba debaixo dela, realmente coa cara entre as súas pernas, saboreando a orixe do mundo, un novo regueiro de urina quente, realmente exquisita bebida, o bañaba. Ao día seguinte, realmente ese mesmo día, realmente unhas poucas horas mal durmidas despois, saíron, dificilmente sobrios, apresuradamente do hotel, realmente máis orgullosos que avergoñados da extensa mancha líquida, agora fría, deixada no colchón.

Que respondeu o condutor, o viaxeiro, o agora escritor? Sawat dii, my beautiful young lady (o inglés fora, durante tantas horas nas que ambos ignoraban as súas orixes lingüísticas, a lingua de comunicación): Pois estaba eu a pensar que una boa maneira de trazer-te à Galiza era encargar-te un libro do Al Berto... Mas aceito gostoso a tua generosa oferta, sempre que me prometas una visita, claro. Eu sigo fisicamente aquí, mas penso em ti mais do que debería. Muitos beijos, saúde e chok dii. A carta incluía comentarios sobre os seus percorridos e sobre a situación política das provincias do sur.

Houbo resposta? Houbo realmente pronta resposta, tan linda e perfecta que se torna triste, quizá debido ao estado de espírito. E a resposta foi, antes de que se pergunte outra vez: Também eu penso em ti, e fico confusa porque não sei o que isso significa. Também eu penso em ti, e fico confusa porque não sei o que isso significa. Também eu penso em ti, e fico confusa porque não sei o que isso significa. E a esta afirmación, lida unha e outra vez, desbocadora do desexo que o viaxeiro fora acumulando de vila en vila, de costa en costa, seguía unha mostra do Al Berto, que “pode ser triste e depressivo, mas às veces também di as coisas como elas são.” Houbo resposta? Houbo prontísima resposta e resposta á resposta e declaracións de desexos e suxestións de amores cuxo calibre aumentaba de carta en carta, un suxerindo, a outra afirmando, unha propondo, o outro avanzando, realmente explicando “o que isso significa”, e así se creou, ao longo das semanas, dos meses, realmente dos países, unha relación amorosa que realmente era desexosa, un desexo do amor, un amor máscara do desexo, do sexo, e a espera resultaba dura e o viaxeiro, agora o amante escritor, navegaba entre dúas arelas, a de ficar nesa terra, tan acolledora, tan humana, tan habitábel,³ Nok esperando, na outra punta do país, unha última visita antes da partida, e a de regresar á Galiza, realmente a Aveiro, canto antes, os días nunca duraran tanto. Porque as cartas continuaban a entrecruzarse e os desexos de vérense procreaban plans de compartiren vendimas no Ribeiro ou no Douro, visitas compostelás ou lisboetas, as palabras na pantalla suxerindo realidades futuras, realmente encontros, apresentando o porvir, realmente facéndoo presente, facendo do amor desexo, e o viaxeiro arde en degoiros e a Inês, a Inês...

³ Cántache, cóntame, cóntalle Nok, paseando polo parque Thung Si Meuang, Ubon, entre aspiración e aspiración de yaadom, a súa asfixia e insatisfacción co país, tan inhabitábel despois do lustro vivido en Kolkata, despois da exuberancia dunha sociedade bengalí na que a xente é quen de expresarse, na que as mulleres son quen de organizárense, de crearen, de proporen, de participaren, non aquí, onde non hai contacto, non existe o tacto, tan frías as relacións, tan ausentes as expresións femininas.

Si pero por que conduces, por que conduzo, por que conduce cara ao sur atravesando ríos que non son fronteira, un sorriso nos labios? Que dura se facía a espera, que impaciente o desexo do encontro, realmente do reencontro, ou quizá realmente o cobizado primeiro encontro das carnes e fluídos, tan prometedoras eran as cartas, as mensaxes, os píxeles negros sobre o fondo branco, respondendo a elas, a eles, sen posibilidades de acentos e tildes, mais que importa a gramática, que valor ten a ortografía cando está en xogo o futuro do universo, cando o realmente importante é a ortoamizade, realmente o ortoamor, e porén o encontro na Galiza, realmente na vendima do Ribeiro, e xa non falemos do encontro no Porto, realmente na vendima do Douro, non tivo realización inmediata porque Inês, a Inês, a miña Inês, a nosa Inês, realmente a Inês de ninguén, tivo de regresar a Muang Thai, realmente Pràthêth Thai, informando do feito nunha desoladora carta que, sen embargo, incluía a promesa do regreso, realmente do encontro, para antes do Nadal, realmente para antes do fin do milenio, realmente para antes do cabo de ano anterior ao real fin do milenio, fin do milenio peninsular, realmente peninsular ibérico, e non, por suposto, asiático, realmente thai. Si pero por que...? Porque despois do prometido regreso continuaron coa súa relación epistolar (realmente electrónica) que realmente nunca se interrompera, quizá ela sen contestar a diario por algún quefacer que a entretaña dos seus deberes amizosos, realmente amatorios a estas alturas da relación, tanto renderon cuatro días de encontro en Siem Reap, realmente case unha semana, e chegou o momento da decisión, que realmente ambos ían adiando inconscientemente, con certo temor latente a non se sabe que, quizá á decepción, realmente ao medo a decepcionar, tan inchadas as paixóns epistolares que ambos se preguntaban como facer para concretalas, humanizalas, obxectivizalas, esquivando o momento da verdade, realmente da realidade, e chegou o momento da decisión e a Inês, a nosa Inês, convidou o viaxeiro, realmente o condutor que cruza a ponte cun sorriso no rostro, realmente na alma, a compartir a velada de fin de milenio, xa próxima, realmente de ano previo ao fin do milenio, mais xa se sabe que que importa a verdade nas comunicacións públicas, se realmente o que importa é o espectáculo, a que veñen tantas meticulosidades matemáticas que nos estraguen a redondez, a rotundidade da cifra, onde estea un bon número que se quiten as matemáticas, na cidade do Porto, cea con amizades, realmente amiga, amiga de amiga e mai de amiga coa súa respetiva amiga, na ribeira, podemos ficar na praça do cubo ás sete, sabes onde é, sei, e á noiteña reservamos, resérvoche, billete para a passagem de ano na alfândega, D'ouroMeets Alice, baile, dúas bebidas e bolo rei, sorteio de

viagens e outras surpresas a partir das oohoo.

Impúlsache o desexo, impúlsame, impúlsao a adiantar o encontro, é dicir, a madrugar ese derradeiro día do ano sen ánimo de facer outra cousa, realmente imposibilitado de facer outra cousa, que non sexa preparar a saída, é dicir a viaxe, realmente o encontro, que non terá lugar até dentro de longas horas, unha hora menos no país viciño que nunca foi estranxeiro? O condutor, realmente o arelante amante que sorrí ao volante entanto cruza líquidos lampreeiros que nunca foron fronteira, deuse unha ducha, no aparello de música unha das cuatro cintas de Fong Nam que trouxera da Cidade dos Anxos, topadas finalmente, despois de moito buscar, en Ran Nong, á entrada do Tha Phra Chan, dalle ás grazas á túa amiga, agradecera a vendedora, tan pequena, a tenda, tan acolledora, atestada de músicas difíciles como esta cinta de Fong Nam, unha de cuatro, que soaba mentres o condutor, realmente o aseante, se duchaba a mañá dese derradeiro día, fin do pasado, comezo do futuro, pensaba, realmente desexaba, o aseante barbeándose ante o espello cuberto de vapor que apenas deixaba entrever as súas faccións, eses pelos que asoman polas ventas que hai que cortar, os que trepan polos pregues das orellas, esas entradas que delatan a súa idade, que duplica a dela, ela tan nova, Inês, claro, a nosa Inês, a quen lle importan os anos, que pinta a aritmética cando se fala de amor. E entón, claro, realmente o barbeador, agora o condutor sorridente que pensa en exaculacións pasadas na cálida e gulosa boca, grosos e húmidos beizos, de Alice, é dicir de Alicia, parará en Ponte de Lima para o almoço, mercar a prensa, sentar á beira da ponte, é dicir do río, é dicir do Limia, realmente do Lima que atravesa raias que non son fronteira, e desviarase por segunda vez, xa perto do Porto, para unha sempre adiada visita á tan agachadiza citânia de São Fins, para que o sol e o vento lle queime un rostro xa ennegrecido após a estadía asiática sen a cal realmente non estaría a facer esta viaxe, sen a cal realmente a Inês, a nosa Inês tan cercá, tan próxima, realmente tan descoñecida após cuatro meses de relación puramente epistolar, como nos envolven as palabras, como nos creamos e recreamos no verbo, na frase feliz, na manifestación dun desexo que se volve realidade, a palabra, a mellor arma de sedución, a palabra preparatoria realmente deste encontro, desta viaxe cara ao sur para compartir un fin de milenio que non é tal, realmente véspera de fin de milenio, pero os números, a redondez dos números, a quen lle importan as matemáticas, un rostro queimado contemplando os inmensos vales que rodean, realmente producen, o outeiro da citânia, porque que é realmente un outeiro senón a chaira desnuda polos seus vales.

Que acontecerá en São Fins, tras a longa e case infrutuosa busca, só

o tesón do condutor, realmente o intrépido aventureiro, o navegante descubridor, viaxeiro que gosta de percorrer mundos exteriores e interiores, segundo a dedicatoria que Inês, a Inês, escribera no libro do Al Berto que finalmente o viaxeiro, realmente o lector de poesía, recebera na súa morada galega, só o tesón, realmente a constancia de perguntar unha e outra vez por onde se vai a São Fins, posibilitará a adiada visita á citânia, o sol e o vento na cara, a mirada ao lonxe, realmente ao futuro, que? Pois que, como xa queda dito, o viaxeiro, agora visitante, ollará ao seu redor, realmente ao redor da citânia, descerá ao manancial, realmente balneario, realmente unhas poucas pedras talladas en estado incompleto, é dicir ruinoso, insignificante manancial, realmente rego, perdéndose entre a herba, o rego, realmente tamén o visitante, perdido en divagacións sobre o encontro que terá lugar perto de alí, é dicir na cidade do Porto, segundo as cales o viaxeiro, realmente o convidado, retoma a última aperta con Inês e entrelazan maos, realmente dedos, para sentiren o tacto da pel tanto tempo ausente, simplemente imaxinada, para sentiren os olores que a frialdade do correo electrónico non transmite, por moitas parellas de puntos e parénteses que se queiran introducir, alí na ribeira, realmente na praça do cubo, e cean e falan, e míranse no máis fondo das miradas e falan todo o que non falaron en Siem Reap, tanto camiño andado xa grazas aos correos electrónicos, as letras negras pixeladas sobre fondo branco, non é un primeiro encontro, é como se xa se coñecesen de toda a vida, e retoman as promesas e afirmacións e desexos, não sei o que isso significa, e el, o convidado, realmente o futuro amante, realmente o amante actual, real, xa, agora, sentindo cálidas ereccións con só mirala, só entrelazar as maos, realmente os dedos, só ulíndoa, só sabendo que lles espera unha noite para eles dous, que o futuro comeza hoxe, esta noite, ás oohoo, sente como o sangue baixa e rega cavidades xenitais. Están sós? Non, está a amiga, a amiga da amiga, a mai da amiga da amiga, algunha amiga máis, algunha filla máis, ceando xuntos, realmente xuntas, no restaurante da ribeira, a noite é fría e máis fría se volve co paso das horas, coa distancia do día, e máis cálido se volve o encontro coa elección do viño, coa súa inxesta, coa presenza da Inês e o convidado xuntos e unidos polas miradas, as apertas, as conversas, a nova aperta cando chega o fin do milenio, realmente do preludio do milenio, os números tan redondos, na viciña España, que é a hora galega, realmente, por moito que ríos e raias nunca foran fronteiras, que fomos, quen somos, a terra, papik tatik. O home agradece aos deuses esta inesperada oportunidade de amar, de sentirse amado, e non importan nin matemáticas nin festas nin bebidas nin bolos reis, o que realmente importa é a posibilidade de realizar un encontro programado

polas estrelas, non é casualidade que nos topásemos en Siem Reap, realmente en Toipet, foron os astros os que guiaron os nosos pasos, afirma el, non se sabe se agora, ante ela, ou na distancia, nalgunha carta pixe-lada, si, responde ela, corresponde ela, realmente, o noso encontro, tan lonxe da terra, ten que ter un significado especial, di ela, afirma ela, rozándolle os labios por vez primeira, coa xema dos dedos?, realmente cos labios, tamén coa xema dos dedos, para humedecelos, rozan os labios e as maos, os dedos, realmente os corpos, incapaces de esperar até chegar ao reservado cuarto do hotel, agachándose entre a xente, entre o fume, tras algunha coluna, realmente desaparecendo uns minutos para desafoogar un desexo, coherente coa relación epistolar até agora mantida, que entre ambos crearan ao longo dos meses, inexistente con anterioridade, inexistente antes de coñecérense, obviamente, afirmación que vai sobrando, mais realmente inexistente mentres se coñeceron, entanto se coñecían ao longo de cinco ou sete días, realmente cuatro, en Siem Reap, realmente polos carreiros de Angkor, desexo inexistente por moito que o recordo recupere imaxes do viaxeiro, realmente o ciclista, pedaleando tras a bicicleta da Inês observando o seu corpo ondeante tras cada movemento embólico de perna, contemplando con fruición as coxas espidas baixo a xuvenil, realmente primaveral, realmente tropical saia, os glúteos redondos sobre a sela, a breve cintura, os brazos concisos, o cabelo negro, curto, a penuxe do lombo entre camisola e saia. Fan o amor? Realizan o desexo. Agora, nunha casa de baño da alfândega, ausencia inadvertida, tanta xente. Despois, na comodidade dun leito, os corpos nus perdéndose entre apertas que os confunden, intercambios de identidades, a lingua del perdida entre as súas pernas, a dela entre as súas nádegas, humedecendo esfínteres e labios e saboreando fluídos tanto tempo soñados, tanto camiño andado grazas a epístolas pasadas que a primeira noite equivale á última dunha longa serie, realmente sen pudores, sen vergoñas, mórdeme aquí, aperta alá, déixame ir ao baño contigo, e mentres ela, e dicir Inês, a nosa Inês finalmente atrapada na rede do desexo, senta no retrete para ouriñar o home, el, o condutor agora amante, anícase diante dela, labios contra labios, realmente lingua contra lingua, e cando ouve a música da urina contra a porcelana introduce a mao entre as pernas para sentir a líquida mornura, ergue un pouco máis a mao para sentir os labios húmidos, os outros labios, para sentir realmente o orificio da uretra tan esquivo, sente a humidade, sente o líquido, lingua contra lingua, retira a mao, lambe un dedo, deixa lamber outro, un par de dedos húmidos convértense en botín polo que loitan dúas bocas ansiosas, dúas linguas húmidas, mentres a outra mao, realmente a esquerda, ocupa o lugar da anterior entre as pernas da muller e,

xa sen música acuática, explora orificios e protuberancias e esfínteres que se converten en protuberancias pola presión do quimo, realmente as feces, que o home, o condutor, o amante, o lector de poesía, recibe con alegría na palma da ma.

Onde nos encontramos, espacial e temporalmente? Seguimos, segues, segue, realmente seguirá, na cimeira da citânia, ollando o futuro, é dicir o horizonte, un sorriso nos labios, unha cálida erección entre as inguas. Por que sorrí, por que sorrís, realmente por que sorrirá? Polo poder das divagacións na mecánica anatómica.

Existe continuidade á viaxe, á exploración? Só na morte e na ficción existe a palabra fin. Na vida, é dicir no desexo, realmente nas divagacións que confundimos co desexo, mais que sería de nós sen o desexo, realmente sen a vida, non existe a palabra fin. Por suposto que continúa, todo continúa, todo flúe, todo se transforma continuamente, e o noso viaxeiro, agora explorador de mundos externos e mais internos, descenderá cara ao coche, realmente carro, para continuar a viaxe, terá tempo de buscar onde estacionar nunha cidade sen grandes tráfico a esas horas do milenio, a causa de, realmente, a tranquilidade dun domingo calquera, e buscará algunha taberna na que tomar unha bock e fumar, após mercar, un SG gigante, para facer tempo até ás sete, até á praça do cubo, lugar no que realmente tremerá un bon rato antes da aparición da Inês e a súa amiga, grandes apertas, amplos sorrisos (sen ereccións).

Que acontece no Porto a partir dese momento? Realízanse as divagacións que o viaxeiro, amigo, condutor, futuro amante, lector de poesía confunde co desexo na cimeira da citânia de São Fins? O viaxeiro, realmente o convidado, retoma a última aperta con Inês e entrelazan maos, realmente dedos, para sentiren o tacto da pel tanto tempo ausente, simplemente imaxinada, para sentiren os olores que a frialdade do correo electrónico non transmite, por moitas parellas de puntos e parénteses que se queiran introducir, alí na ribeira, realmente na praça do cubo, e cean e falan, e míranse no máis fondo das miradas e falan todo o que non falaron en Siem Reap, tanto camiño andado xa grazas aos correos electrónicos, as letras negras pixeladas sobre fondo branco, non é un primeiro encontro, é como se xa se coñecesen de toda a vida, e retoman as promesas e afirmacións e desexos, não sei o que isso significa, e el, o convidado, realmente o futuro amante, realmente o amante actual, real, xa, agora, sentindo cálidas ereccións con só mirala, só entrelazar as maos, realmente os dedos, só ulíndoa, só sabendo que lles espera unha noite para eles dous, que o futuro comeza hoxe, esta noite, ás oohoo, sente como o sangue baixa e rega cavidades xenitais. Están sós? Non, está a amiga, a amiga da amiga, a mai da amiga da amiga, algunha amiga máis,

algunha filla máis, ceando xuntos, realmente xuntas, no restaurante da ribeira, a noite é fría e máis fría se volve co paso das horas, coa distancia do día, e máis cálido se volve o encontro coa elección do viño, coa súa inxesta, coa presenza da Inês e o convidado xuntos e unidos polas miradas, as apertas, as conversas, a nova aperta cando chega o fin do milenio, realmente do preludio do milenio, os números tan redondos, na viciña España, que é a hora galega, realmente, por moito que ríos e raias nunca foran fronteiras. Todo isto acontece durante a animada cea na ribeira pero unha vez posta en marcha a comitiva cara á Alfândega o convidado fala animadamente coa amiga da amiga mentres observa a Inês camiñar do brazo con outra amiga cen metros por diante deles, e na porta reparan entradas e entregan diñeiros e entran e son convidados, realmente convidadas, á primeira copa e un mozo traxado pide permiso para tirarlles unhas fotos porque no interior haberá dúas xigantescas pantallas nas que mostralas, xunto con outras, tiradas e mostradas ao longo da noite, realmente do primeiro día do milenio, do pre-milenio.

Que acontece na Alfândega a partir dese momento? Realízanse as divagacións que o condutor, viaxeiro, amigo, futuro amante, lector de poesía confunde co desexo na cimeira da citânia de São Fins? Acontece que o grupo se dirixe a un curruncho da enorme sala principal onde poderen sentar nuns enormes coxíns nos que se afunden, maiormente en silencio, realmente con conversas de parellas porque o alto volume da música impide compartir os comentarios. Fala o convidado con Inês? Fala Inês co convidado? Inês, a nosa Inês, érguese nun par de ocasións e pídelle ao seu amigo, realmente visitante, que a acompañe dar unha volta por entre a xente e por entre as salas, Inês séntese en certa maneira na obriga de entreter un convidado que sente de pronto unha tremenda frialdade e ausencia de contacto, as poucas palabras que intercambian raspando na gorxa como se non se tivesen utilizado, gorxa e palabras, durante un milenio. O convidado pensa e medita⁴ e mira a Inês nos ollos pero calquera comentario que fai, calquera inicio de diálogo resúltalle absurdo, realmente estúpido, porque así como a conversa xera conversa o silencio xera silencio e a mínima locución busca parecer natural e sai forzada, pretende non significar máis do que pode significar un

⁴ Medita e pensa despois, tempo despois, de regreso a casa, cal foi o momento de ruptura, e lembra unha pregunta da Inês, en realidade da amiga da Inês estando a Inês presente: Cantos anos tes? Unha pregunta que até ese momento, no intercambio real, en directo, ou epistolar diferido, Inês nunca se preocupara de (nunca se atrevera a?) facer. Realmente a resposta modificou o comportamento da muller? Ou a resposta realmente, en realidade o feito de o home ser consciente de que a muller coñece a resposta, modificou o comportamento del, do home, provocando como reacción a modificación do comportamento dela?

“bon día”, un “até logo”, e significa toda a incapacidade para comunicar e interesar e seducir e o convidado déixase levar de volta aos coxíns nos que esperan amigas e mais de amigas e fillas de mais de amigas, maiormente en silencio, imposíbel falar con tanta música, como se todo o que o convidado e mais a Inês se tivesen que dicir fose xa dito e para sempre na animada cea que agora lle semella tan distante, tan allea, tantas expectativas acumuladas ao longo dos meses e das cartas volatilizábanse agora como se nunca tivesen existido, facéndoo dubidar da súa verdadeira existencia, e o convidado aproveita as visitas á barra para desfacerse do grupo mudo e vadiar por entre a xente e os bailes e as pantallas xigantes nas que se ve, nas que se ve no conxunto fotografado á entrada e nas que se ve noutra foto aínda non citada tirada por unha fotógrafa de traxe que aproveitara un momento no que a Inês lle dixera ao seu amigo, realmente visitante, senta aquí ao meu carón, e ambos tiñan as cabezas moi perto unha da outra, mais a Inês calaba, o visitante non sabía que dicir, e a fotógrafa tirou unha foto que os converteu en amantes, foto que agora ve o visitante, repetidamente, nunha das grandes pantallas, durante as súas vagabundaxes, e mentres espera unha nova aparición da fotografía, porque lle gusta verse tan perto da Inês, tan namorados, tan fotoxénicos, que prefire verse con ela a estar con ela, enmudecida sen saber por que, decatándose de que eran mellores por carta, ve un rostro, non na multitude, non, senón na pantalla xigante para a que mira, coñecido, ou iso cre el, non pode ser ela, pensa o aventureiro, o visitante, e espera pacientemente por unha repetición do bucle de fotos e aí está ela, é ela, é Alicia, pero que fai Alicia aquí, aí está Alicia sorríndolle coa súa enorme boca desde a pantalla, unha e outra vez, Alicia reclamándoo, realmente Alice.

Que acontece na Alfândega a partir dese momento, en consecuencia? O viaxeiro, o visitante, realmente o ex-amante, desmotivado para regresar á compañía dunha Inês que xa non coñece, que descoñece, que realmente nunca coñeceu, só a súa escritura, pero a escritura é falsa, falsifica, inventa mundos virtuais, realmente paralelos, quizá o desacordo veña de seren incapaces de expresárense como escriben, de converteren a palabra en letra, a voz en mancha escintilante sobre fondo branco, comeza a buscar con ansiedade o rostro de Alice, realmente Alicia, entre a multitude, non na pantalla, entre a multitude de rostros e corpos que se moven e se xuntan e xiran e se separan, intentando adiviñar, cos retallos de memoria do fondo da fotografía, en que recanto do enorme edificio, quizá do seu exterior, á beira do río que baixa imperperturbábel e alleo ao devir humano, aos encontros e desencontros, amores e desamores, realmente desexos e sexos e ausencia dun e ausencia dou-

tro, se topaba, e aí estaba Alicia presente, non na pantalla xigante, non na beira do Douro que lambe a cidade, senón xunto á barra, a unha das múltiples barras, entre a xente, recén-servida polo taberneiro, acompañada dun home que o convidado descoñece, e por que ía coñecelo, porque quizá desexase coñecelo, saber quen é para saber que tipo de relación supor entre el e Alice, a súa Alicia, despois de tantos anos aquí, diante del, sen velo, el véndoa, mirándoa, escoitándoa sorrir, realmente adiviñándoa falar continuamente con ese home ao que lle gustaría coñecer, ter coñecido, preguntándose por que falan tanto, que teñen que dicirse, como son capaces de falar e falar e falar sen repetirse, sen aburrirse.

É posíbel o encontro entre o visitante, realmente ex-amante, e a visitante, Alice, Alicia realmente? Non só é posíbel, senón que acontece. Alicia xira a cabeza e mira directamente ao seu amigo, ex-amante, no centro dos ollos, sen preámbulos, sen deixar vagar a vista primeiro pola multitude de cabezas móbiles para descubri-lo sorprendentemente, directamente aos ollos, como se todo o tempo soubese que estaba aí a observa-la cun sorriso nos labios, ela cun amplo sorriso na súa ampla boca, estirando os amplos labios para deixar escapar unha luz branca da súa ampla dentadura, os dous parados, ollándose, sorríndose, inmóbiles, o acompañante de Alicia mirándoa e mirándoo e mirando como se achegan un á outra e se saúdan mudos cun beixo nos labios. Alicia e o visitante, realmente os visitantes, deixan compañías alleas e sentando na beira do parsimonioso río para amortecer o molesto volume da música pónense ao día e ao tanto das vidas que non comparten desde hai tantos anos.

Que se contan, que contas, que nos contan, que che contan? Fala Alicia con ganas, atropelándose, conta Alicia atropeladamente tantos anos de ausencia que non chega a noite, notan como a noite discorre e corre e percorre como o Douro que os amansa, a noite pasa sen pausa e, como o río, permanece eternamente, fala Alicia, realmente Alice a estas horas do milenio e nestas concretas circunstancias, caídos polo tobo sen retorno posíbel, e conta de cómo por vez primeira se sentira tan namorada que por vez primeira deixara de ollar os demais homes con desexo, o seu home, realmente amante, bastáballe e sobráballe, e tiña que ser amor, fala Alicia, esa sensación novidosa, e que por iso pasaron tantos anos sen unha chamada súa, sen dicir aquí estou, como estás, como che vai, porque entre o visitante, realmente ex-amante, e Alicia nunca houbera amizade, é dicir, nunca se citaran para un encontro do que non se esperase sexo, non había conversas telefónicas se non era exclusivamente para arranxar un encontro sexual. Non conta iso Alicia. Non

falan, nunca falaron, destas cousas, tan claras estaban para ambos que non cumpría amentalas. Falan, fala Alicia, de cómo ese amor se derrubou e de cómo pensou, ela, Alicia, no seu vello ex-amante, nunca amigo, para convocalo desde as profundidades da dor e da soidade, e de cómo os números xa non eran os mesmos e os enderezos xa non eran os mesmos e a conexión parecía perdida para sempre. Até hoxe. Pergunta o visitante polas causas do desamor. Contesta Alicia unha historia de mentiras e crueldades na que o home, o amante, realmente o ser polo que daría a vida, nunca se deixaba ver con amizades ou parentescos, Alicia, e son as consecuencias do amor, crédula ante toda unha restra de mentiras que agora, conta Alicia á beira do Douro, antóllanse torpes enganos que nin a nena máis ignorante tragaría, e Alicia, conta Alicia, aínda hoxe non sabe nin o posto de traballo nin realmente a vila de nacemento do seu amante, ex-amante, amor polo que daría a vida, polo que non deu a vida mais si permitiu o que nunca permitira a ninguén, home ou muller, amigo ou amante, parente ou estranxeiro, palabras subidas de ton, entradas no seu leito quente despois dunha noite de borracheira sen ela, cos seus amigos, quizá amigas, talvez putas, pode que todo iso ademais de empregadas, que non permitía que Alicia coñecese, entrega da chave do seu piso para encontralo nel, nun regreso anticipado, cunha traballadora do sexo, mais iso non foi o peor, di Alicia, confesa Alicia, desafógase Alicia contente de ter encontrado este seu ex-amante, nunca amigo, nesta dimensión insólita, senón que o peor foi tragar sen a mínima dubitación o torpe embuste de que a coñecera nunha despedida de solteiro dun amigo seu e viñera á cidade para buscar piso e el simplemente se ofrecera a acompañala e etcétera e etcétera e etcétera, e mentres Alicia conta e fala, realmente confesa, o visitante, realmente ex-amante, obsérvaa con atención e non pode crer que a Alicia que el coñeceu, a que coñece agora baixo o arrollo do río, sexa a mesma Alicia que Alicia narra. Pero iso non foi o peor, confesa Alicia, desafógase Alicia, o peor foi que cando por fin empezou a despertar (Alicia) e decidiu deixalo o medo ocupou o lugar do amor. Pegoulle? Pegouche? Non, non, mais a punto estivo. E non sabes o que doe o xesto que non acaba, a ameaza, tanto máis que o golpe en si.

Que pensa, que di, que dis, que dicimos nós, os visitantes, os ex-amantes, os que desexamos? O realmente ex-amante, nunca amigo, recorda outras historias contadas por Alicia sobre Alicia, e por fin entende, comeza a entender, a Alicia, entende, comeza a entender, a historia de Alicia, a historia que Alicia contaba dun vello amante, outro vello amante, ao que abandonara por exceso de amor, por sentirse, dicía, comezar a sentirse tan namorada que tivera que deixalo, romper as

cadeas, para non perder a conciencia, para reter a conciencia, para non perder a liberdade, para manter a súa individualidade, dicía. Mentres exista o desexo non pode haber liberdade. Agora entende o visitante, realmente o ouvinte, a reacción de Alicia, a súa previsión, pero quizá algo se romperá neste ano de entrega total porque Alicia conta, segue contando, Alicia narra como o seu amor, ex-amor realmente, aínda a telefona, arrepentidísimo, disposto a cambiar, e as mensaxes que lle deixa, esa maneira de adulala, de facela sentirse a muller máis fermosa do mundo, a máis querida, ese xeito de facerlle crer que sería capaz (el, o home, o amante, realmente o proxeneta) de dar a vida por ela, de convertela no centro do seu universo, do universo inteiro. Ah Alicia que non te recoñezo cando vexo ese brillo no ollo, esa saudade polo home, realmente o maltratador, que non te recoñezo na túa cegueira, que sempre te tiven por intelixente e informada e libre, contesta o home, o ouvinte, mais claro, visto desde fóra, desde cando o maltrato é unha cuestión de ignorancia ou de clase social, eu son a primeira sorprendida de ter caído nisto, retruca a muller, a narradora, e entón por que ese brillo no ollo cando me falas del, cando mencionas o seu nome, tanto desexo dunha situación, dun status, por riba de medos e odios, por que o ser humano ten esa necesidade de sentirse querido, por que o ser humano se deixa enganar con tanta facilidade, con tanta felicidade, por que tanta fragilidade, tanta fragilidade, tanta fragilidade, por que. E entende o ouvinte, realmente o ex-amante, por que nos seus encontros pretéritos, tanto tempo pasou, ela lambía a súa pel enteira, salivaba o corpo inteiro, atándoo á cama para impedir ser correspondida, amordazando os seus ollos para non desvirtuar a sorpresa do xeneroso e cálido líquido nacido da súa uretra que regaba sexo e peito e boca aberta e sedenta, e o home, o amante, rebentaba de gozo no seu querer facer e non poder, retorcéndose e deixándose e desfrutando de tan pracenteira cesión de liberdade, tanto tempo xuntos e o home, o amante, nunca o amigo, descoñecía os pregues ocultos do seu sexo, o de Alicia, sempre reticente ás caricias íntimas, aos beixos intracoxais, ás lambetadas xenitais, tanto tempo xuntos e o ouvinte descoñecía o corpo de Alicia, agora entende o porqué, ese medo a que o pracer sexa tan grande que lle faga perder o control, non querer deixarse levar, non querer deixarse perder, que o amor sexa tan grande que lle faga perder o control, que os orgasmos vendan a súa liberdade, que os amores a inciten a unha persecución por un tobo adentro como aquel do que acaba de saír. Ou non?

Por que Alicia deixara o ouvinte, ou realmente amante daquela, o nunca amigo, por que o deixara, abandonara, realmente non volvera chamalo? Por todo o explicado.

Que se contan, que contas, que conta el, o home sen nome, calquera nome, calquera home? O home non conta, realmente non se atreve a contar. O home repasa a súa vida inconfesábel e conta as superficialidades, o home non confesa, realmente non pode confesar, o descenso aos infernos que seguiu á súa separación, por supervivencia, por egoísmo, o home non conta as súas frecuentes visitas aos pisos das traballadoras do sexo, realmente putas, como narralas sen arrepentimento, sen vergoña, inevitábeis para a sobrevivencia non obstante, como relatar a creación da destrución, realmente a opción da soidade ante a mediocridade de vivir con alguén a quen estaría avaliando continuamente, é o que ten a cercanía, non existe beleza que aguante unha inspección detallada, ampliada, o poder da lupa, a atracción do lupanar, destinado á soidade, realmente, porque a compañeira perfecta, o compañeiro perfecto (“Es tu perfecto?” preguntas) non existe, o lupanar que satisfai o desexo obviando os compromisos, as derrotas, as cesións, e como sobrevivir á derrota, e como compartir vidas cando non pode, o home, o sen nome, compartir experiencias que se agachan no seu interior, realmente apodrecen, expresar desexos mal vistos, evitar mirar con fruición os corpos das mulleres, adivíñalos baixo a roupa, espilos co pensamento, desexalos nun erotismo impropio da súa idade. Tantos anos, tantas décadas atrás, o primeiro segredo, o primeiro sexo alleo acariciado, como contar, realmente literaturizar, esa noite compartida inocentemente coa súa irmá, como confesar incestos dos que non hai arrepentimento, como recoñecer o fracaso da educación recibida, dos medos relixiosos inculcados, das ameazas sociais, do grito unánime de condena, á hora de impedir que a súa mao buscase entra as pernas da irmá ese sexo desexado e descoñecido, como confesar coprofaxias, como delatar defecacións nunha nave lateral da catedral e masturbacións nun deserto confesionario matutino. A quen confesar, realmente, a quen delatar.

Que se contan, que contas, que conta el, o home sen nome, calquera nome, calquera home? Desexarte, desesperarme por terte, realmente tocarte, matar por ti, por tocarte, por terte, por fundirme en ti, e unha fracción de segundo despois do orgasmo o tacto resulta estraño, os beixos desagradábeis, a presenza molesta. Como confesar todo isto, como desvelar un estado, realmente un sentimento, que unha vez expreso destruíría a relación. Pero o home, o sen nome, si rememora con Alicia vellas actitudes, non só as reticencias de Alicia á hora de ser acariñada no máis íntimo, senón aqueles momentos nos que finalmente se evitaba o sexo, negarse a foder para romper os encontros unicamente sexuais, en busca dunha amizade que realmente nunca chegou a callar, a ausencia de sexo converteuse en ausencia de contacto, de encontros, segundo a

explicación que o home sen nome dá do comportamento de Alicia á propia Alicia sentada á beira dun río alleo e presente no seu monótono fungar, porque a grande afinidade sexual non conseguira esvaír a menor afinidade intelectual, realmente. Como dicirche que te necesitaba, como dicirche que te necesito, como dicirche que devezoo polo teu rostro no momento, realmente na duración, do pracer, o seu esplendor e radiancia no instante do orgasmo, morrer por ese momento, pola posibilidade de ver esa cara oculta nas horas de vixilia, nas horas asexuadas. Como non devercer por aquela noite na que me pediches que me masturbase sobre a túa cara, sobre a túa boca aberta, que exaculase sobre tu toda, tanto amor, tanto desexo, quero que me entregues o teu acto máis íntimo, dicías, realmente argumentabas. Di todo isto o home, o sen nome? Non, realmente non. Realmente non sabemos o que chega a dicir e o que cala, aínda que sospeitamos que o cala todo e que o que di non sempre se axusta á realidade, á súa (del e mais dela) realidade.

Como reaxe Alicia ante o que conta e o que cala o home sen nome, o ex-amante, nunca o amigo? Se no pasado non coidaban os detalles nin se buscaban compromisos, agora, tras anos de ausencia, parece que si, que algo se move entre eles, como se tantos anos de ausencia non significasen máis do que unha xeira fóra do fogar e todas as normas, tácitas e explícitas, que rexían a súa relación resurxisen no reencontro coa maior naturalidade só para perfeccionárense, parece que se exige, que se quer exixir, un maior compromiso, unha maior presenza, como se a relación nunca se houbese roto e realmente estivesen a reprocharse mutuamente tanto tempo de ausencia, como se o feito de se reencontraren despois de tantos anos implicase unha recuperación automática de antigas relacións e desexos, non amizade, realmente inexistente, unha maior exixencia que realmente implica unha ameaza de ruptura ante futuras faltas de resposta onde antes, en tempos, tantos anos atrás, non sería impedimento, é o peso da idade, realmente a cercanía da morte, que non permite tempos mortos, espazos baleiros: hai que apurar os derradeiros grolos. Hai pois relación? Imposíbel no curto espazo de tempo (no curto espazo-tempo) que levan sentados á beira do D'ouro. O que hai é a creación mental dunha posibilidade de relación, a escritura dunhas pautas de comportamento para unha hipotética relación, re-relación, futura. Realmente o que hai é o desexo dunha relación para a que hai que sentar unhas novas bases, unhas primeiras bases após a ausencia de bases da relación pasada.

E o amor? O amor, como o sol, non pode ser mirado fixamente durante moito tempo porque cega sen remedio, incapacitándote para o desfrute da mesma luz que che arranca a vista. Existía, pois, realmente

existe, amor entre eles? Tras a morte, tras o amor, que fica? Non existía amor, si existía amor, ambas respostas son certas. O que existe agora, á beira do perpetuo fluír cara ao mar, é un propósito de amar, porque o amor é unha creación mental que realmente só surge cando existe a dispoñibilidade, Alicia e o ex-amante, realmente o buscador de amor, desexan amar e sentan as bases, durante a súa intrascendente e transcendental charla á beira fluvial, para un novo milenio, conversan, comentan, lembran, rin convertendo as palabras e os xestos nunha mesta arañeira na que atrapar o amor, realmente o desexo convertido en necesidade. Tras a morte, que fica. Pero o amor trae consigo o compadecemento, os sofrimentos multiplícanse porque un non chora xa por un mesmo, por unha mesma, senón que sofre polas persoas queridas, pais, mais, irmaos cos que ás veces se desexa un enfrentamento grave, inarranxábel, unha morte, que permita a ruptura definitiva, que desbote este sufrir día a día pola simple cuestión do parentesco.

Si pero que se contan, que contas, que conta el, o home sen nome, calquera nome, calquera home? O home sen nome, o ex-amante, o candidato a futuros amores e compromisos, o desexante do amor, explicando a súa presenza en tal edificio a tales horas de tales finais de milenio, realmente vésporas de finais de milenio, mais a quen importa a precisión ante a rotundidade das cifras, a quen importa a verdade ante a exuberancia do espectáculo, narra, realmente rememora, a súa viaxe por terras asiáticas, o home conta unha historia, realmente relata unha inquietude que o persegue desde Kompong Song, así consta o nome nos miliarios da estrada, contradicindo o estúpido nome oficial (como estúpido era Puerto Presidente Stroessner e estúpido é Thành Phố Hồ Chí Minh, menos estúpido este quizá, lembra Leningrado, pois son os vivos os que rememoran os mortos, non os vivos, Sihanouk, Stroessner, rememorándose a si mesmos, edificándose monumentos a si mesmos, recreándose na súa miseria como se un nome na rúa ou unha estatua na praza fosen garantía de inmortalidade, pobres ignorantes), e da que agora se pode desfacer.

Cal é a historia, o conto, a narración que persegue ao noso contador, narrador, historiador, realmente cronista, desde Sihanoukville, realmente Kompong Song? Cal é a crónica que realmente persegue o noso fabulador? Aquel día, após xantar no psar leu e dedicarlle horas de pensamento a Inês, o home sen nome, o viaxeiro, decide regalarse unha cea especial no restaurante Apsara, Phlaur Sopheakmongkol esquina con Phlaur 109. Senta na parte exterior, baixo os soportais, para aproveitar o frescor nocturno, e pide un prato (que resultará especialmente abundante) de ancas de ra. O resto das mesas vanse ocupando, aos poucos, por

algunha parella e por numerosas familias numerosas vestidas de domingo que, desde o seu estatus de clase media que aspira a alta, ollan con curiosidade ao viaxeiro, realmente ao estranxeiro, ao home sen nome, que os observa mentres monda os fráxiles osos batrácicos. Pero o estranxeiro, realmente o comensal, por moito que se encontre sen compañía, tamén olla, realmente descobre, unha fermosa ollada que no instante especular, cando ambas olladas se recoñecen entrecruzándose no ar, solicita unha axuda monetaria, desde a distancia, que o comensal, o viaxeiro sen nome nin compañía, denega cun leve abaneo de cabeza mentres monda os fráxiles osos batrácicos. Que mirada era esa? Una muller nova, no colo un bebé, senta nun chanzo da beirarrúa e estira, realmente estirou brevemente, sen ostentación, un brazo entanto suplica cos ollos, os labios inmóbiles. O comensal recoñece a obscenidade da situación, mais o comensal coñece, realmente e tamén, a obscenidade da caridade. O comensal segue a mastigar a delicada e saborosa e realmente abundante carne anfibia pero resúltalle imposíbel retirar a vista da xoven mai, aproveitando o seu (dela) desllocamento ocular para acariciala coa vista, inadvertido, para descubrir a súa historia tras a dignidade do rostro impasíbel, realmente inexpressivo a non ser por eses ollos, por esa ollada que o home sen nome suga e devora. O home sen nome, rematada a súa ocupación nutricional e mentres prende un Ara, ergue a vista unha vez máis na busca dos ollos que o miran, solícitos, sen acritude, realmente sen acusación, naturalmente, con dignidade e un toque de resignación, pero os ollos xa non miran, os ollos xa non miran porque realmente xa non están, xa non vixían desde os chanzos da beirarrúa. O comensal, agora o fumador, sente unha inquietude global que o incomoda, porque o fumador, o realmente preocupado home sen nome, desexaba pagar eses minutos de contemplación mutua, agora que a cea está rematada, agora que ningunha ocupación o distrae. O viaxeiro fumador paga a conta, érguese, despídese de empregados e clientela cun leve movemento de cabeza e estiramento labial e comeza a pasear non sen rumbo, realmente con rumbo descoñecido, non descoñecido, realmente intuído, porque o que fai o fumador sen nome, o noctámbulo, é seguir a pista imaxinaria da muller do bebé, da muller da mirada. Así transcorre unha hora inteira, sen presas, sen obxectivos claros, paseando na escuridade até ao mercado e de volta á iluminada Phlaur Ekareach, xa esquecido dela, case, da muller que non aparece, xa a punto de encetar o empinado ascenso ao Dusk Til Dawn onde tomarse unhas Tiger e darlle unhas caladas ao cigarro de maría que lle ofrecerá o taberneiro, como todas as noites, cando desapercebidamente as olladas se cruzan, as mesmas, a mesma intensidade, a mesma solicitude, a muller e

o bebé e a mirada sentada nos chanzos da beirarrúa, a mao estendida, a boca impasíbel. O viaxeiro, realmente o barang, deposita 20000r nesa palma enrugada, 5 míseros dólares que a muller agradece cun leve aceno, cunha mirada de curiosidade, cun sorriso que non se chega a materializar. O home sen nome enceta o empinado ascenso ao Dusk Til Dawn onde tomará unha Tiger con abundante xelo e lle dará un par de caladas ao porro que o taberneiro lle ofrecerá, como todas as noites.

É este o conto, a narración, a fábula, realmente a crónica? Basicamente si, realmente si. Falta a soñada continuidade, porque o home non estará presente, continuidade á que accederá através da lectura da prensa lonxe do lugar, perto do tempo, realmente unha continuidade resumida nunha nova de sucesos que o home, o viaxeiro, realmente o samaritano, terá que reconstruír e enlazar, talvez artificialmente, coa súa propia experiencia, porque non saberá se o que le no presente procede do que viviu no pasado. Será el quen encha o oco, quen imaxine a eclipse. Será el quen cree a narración vinculando un suceso con outro, cando é moi posíbel que nada teñan que ver. Pero, realmente, que importancia ten que a primeira parte sexa a que viviu o home sen nome, o barang, o samaritano, ou non o sexa. Por moito que poda afectar á realidade da fabulación, en nada afectará á realidade dos feitos.

Si pero cal é esta continuidade, este desenlace tan caro ás narracións por seren, precisamente, realmente estaren, inexistentes na vida? O home encóntrase lonxe de Kompong Song, realmente Kâmpóng Saôm, perto da data, non obstante, cando follea o *Cambodia Daily*, quizá, talvez mentres evita o mareo no barco rápido que o leva a Krong Koh Kong, o home, o pasaxeiro, le a noticia na prensa, pode que no *Cambodia Daily*, non sei, non lembra, o home le o triste suceso da muller morta a golpes polo seu marido, polo pai do seu bebé, presente no acto, asasinada dunha malleira por prostituta, realmente por desconfianza, non hai probas do acto, só eses 20000r que non poden proceder doutra actividade, tanto diñeiro xunto, declara o enganado home, realmente xustifica, un tanto inseguro de que a conclusión lóxica da súa educación, aquela que o obriga a manter muller e familia, aquela que lle dá poder sobre unha e outra, aquela que moldeou un certo comportamento, provoque tal malestar nos viciños, tal desconfianza nas viciñas, se sempre se fixo así, se ese é o único xeito de manter a virilidade que a sociedade lle exige, por moito que ame a súa muller, por moito que o desexo da súa presenza o persiga até á tumba, se esa é realmente a única saída digna e lóxica, pensa o home, realmente o asasino, non o lector de xornal que se marea no barco rápido que o saca do país.


E o amor? O amor, como o sol, non pode ser mirado fixamente

durante moito tempo porque cega sen remedio, incapacitándote para o disfrute da mesma luz que che arranca a visión. Alicia escoita paciente o relato do viaxeiro, do visitante, e educadamente érguese cando este remata. Alicia non pode dedicarlle máis tempo. Alicia despídese cun beixo na boca que lles trae lembranzas de menús e sabores pasados, realmente históricos, quizá futuros, porque Alicia e o convidado, realmente o pretendente, arranxan e comprometen futuras chamadas e futuros encontros.

E a Inês, a nosa Inês, longo tempo abandonada, realmente abandonante? Regresa o home ao interior do edificio, aínda cheo de Alice, e regresa ao curruncho onde deixara as súas anfitriñas, tanto tempo abandonadas, mais polo camiño descobre Inês, soa no mar de xente, ergueita, bailando mainamente como se o corpo non puidese evitar deixarse levar polas ondas sonoras ou polo tacto violento da percusión porque mentres baila mainamente, realmente ausentemente, a mirada non se separa da gran pantalla da parede na que se reproducen as fotografías, realmente as escenas, da noite primeira do novo milenio, realmente da véspera, concentrada no paso cíclico das imaxes, ausente do baile, como se o corpo fose independente desa ollada fixa, hipnotizada, dese rostro serio, desa fotografía que só existe cando alguén a ve, cando Inês a ve, esa fotografía de Alice e o home morreando na beira do río que flúe ausente, como se a cidade que crea e delimita non lle pertencese, non fose parte indisociábel del, do río, do Douro no que, ao amanecer, aínda se conserva, fragmentado entre as ondulacións da superficie, o reflexo do apaixonado beixo do home e de Alice que nunca máis se repetirá.



MAP OF THE FORMER CONCENTRATION CAMP
(AUSCHWITZ II — BIRKENAU)



MAPA DOS PERCORRIDOS

PRÓLOGO (NON DESEXADO)	3
CAPÍTULO XI TRATADO DE MORAL	11
CAPÍTULO XIV D'OURO MEETS ALICE	21
CAPÍTULO VIII RETRATO DE ELISA	45
CAPÍTULO XII A ARTE DA COMPARACIÓN	65
CAPÍTULO X CHAMA	81
CAPÍTULO XIII A OUTRA BEIRA	93
CAPÍTULO IX POLOS CAMIÑOS DE CHALATENANGO	109
CAPÍTULO VII O FIN DO MUNDO	129
CAPÍTULO VI PETRÓGLIFOS	141
CAPÍTULO IV MAU MAU	157
CAPÍTULO V OS ÚLTIMOS TEMPOS	165
CAPÍTULO III EN CERTA MANEIRA	177
CAPÍTULO II HAI COUSAS	195
CAPÍTULO I BUGUINA RIO ABAIXO	201